

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Da mandrágora á Man de gloria (ou Man de aforcado)

A orixe do termo e do mito da chamada **Man de gloria** é unha derivación fonética e simbólica do mito da planta chamada mandrágora. Na Idade Media de *mandragoire* pasouse a *maindegloire*; dunha semellanza fonética (que non etimolóxica) deriváronse atributos, virtudes e poderes atribuídos, en principio, á mandrágora e logo á **Man de gloria**.

As maravillosas propiedades da mandrágora (as súas raíces teñen a forma dun corpo humano) cítanse na Biblia, na Cábala e en bestiarios medievais. Disque medra debaixo dos pés dun aforcado; se non se arrincan as raíces con moito tento, laian con tal forza que poden causar a xordeira e incluso a morte de quen escoita. A mandrágora considérase un amuleto que asegura a quen a posúa poder, riqueza e sorte.

A *Encyclopaedia universalis: Thesaurus-index* dinos que a súa raíz é unha especie de embrión que pode reaxir co ritual axeitado, ritual no que interveñen, e isto é moi importante, unha forza e o reo correspondente.

No século XVI recóllese a lenda fabulosa da **Man de Gloria** no *Alberti Magni de Secretis Mulierum* ou *Grand Albert*, e , máis adiante, século XVIII, nunha edición resumida deste grimorio, coñecida como *Secrets merveilleux de la magie naturelle et cabalistique du Petit Albert* ou *Petit Albert*.

Neste texto, moi do gusto de alquimistas e ocultistas, cóntase como se prepara unha **Man de gloria**: Búscase a man dereita ou esquerda dun aforcado exposto nos camiños, consérvase nun pote de terra con salmoira, logo ponse ao sol na canícula ata que estea ben seca. Despois fábricase unha vela con graxa de aforcado, cera virxe e sésamo de Laponia, e úsase a man coma se fose un candeeiro para soste a vela prendida.

A onde se leva, os que estean nese lugar quedan inmovilizados coma mortos diante deste amuleto paralizante, o que permite roubar sen contratempos onde sexa.

A propósito deste uso da **Man de gloria**, **J. George Frazer** en *La Rama Dorada* inclúe este ritual dentro da chamada maxia homeopática ou imitativa, e di que *en ocasións a mesma man de morto era usada como vela ou, mellor dito, como manchea de velas, pois acendían os descarnados dedos. Podería ser que algún membro da familia estivese desperto, e nese caso algún dos dedos non ardería. Estas luces nefandas non poden*

apagarse máis que con leite.

Os escritores do século XIX Gérard Nerval, Aloysius Bertrand, Maupassant e Marcel Schwob recrearon nos seus textos este mito.

Fotografía: Man de gloria pertencente á colección dos irmáns Félix e Cástor Castro Vicente (Ourense)

